



Concello de Ortigueira

CONCURSO ESCAPARATISMO NADAL 22-23

O Concello de Ortigueira convoca o concurso de escaparatismo de Nadal a fin de dinamizar e potenciar as compras no comercio local.

BASES DO CONCURSO:

PRIMEIRA, PARTICIPANTES:

Poderán participar todos os establecementos comerciais e de hostalería do Municipio de Ortigueira que teñan escaparates na vía pública e manteñan a súa actividade no momento do concurso.

A participación no concurso supón a aceptación expresa e irrevogable das presentes bases.

SEGUNDA, INSCRICIÓN:

A anotación será gratuíta. Os establecementos interesados en participar deberán cubrir a ficha de inscrición e presentala nos rexistros municipais, ben presencial ou electrónico ata as 14:30 horas do 21 de decembro.

Para facilitar o envío da fotografía, de non facelo pola sede electrónica municipal, habilitarase un correo electrónico para o envío das mesmas.

TERCEIRA, OBRIGAS DOS PARTICIPANTES:

Os participantes deberán ter os escaparates decorados, como mínimo, dende o 21 de decembro de 2022 ata o 6 de xaneiro de 2023.

A fin de difundir e promocionar os locais participantes e o concurso, os titulares dos locais que se presenten deberán enviar unha fotografía do escaparate e outorgar a correspondente autorización a favor do Concello de Ortigueira, sen dereito a remuneración ou indemnización algunha, para a publicación das fotografías presentadas e o enderezo dos establecementos.

O día 23 de decembro, publicarase nun álbum da páxina de *facebook* do Concello de Ortigueira as fotografías e a relación de comercios participantes.

CUARTA, PREMIOS

Establécese un premio único por valor de 300€ en metálico.

QUINTA, XURADO

O Xurado estará composto por

Presidente:

Sr. Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Vogais:

Concelleiro de Educación e Cultura,

Un representante de ACO (*Asociación de Comercio y Hostelería Ortejana*),

Un representante do comercio de Ortigueira.



Concello de Ortigueira

Un técnico/a do departamento do cultura ou turismo.

Actuará como secretario/a un/unha funcionario/a municipal.

Cada membro do xurado terá voz e voto excepto o que asuma as función de secretario/a do xurado que non terá nin voz nin voto

Os membros do xurado, ben de forma conxunta ou individual, visitarán todos os escaparates participantes, non se comunicará previamente ao local concursante.

Para a valoración deberán ter en conta a orixinalidade, creatividade, traballo e o que mellor reflecta o espírito do Nadal.

O xurado reservase o dereito de declarar deserto o premio, así como outorgar un ou varios accésit co fin de recoñecer o traballo, o resultado ou a orixinalidade de outros escaparates que participen no concurso.

O fallo do xurado será o día 10 de xaneiro de 2023, e a decisión será inapelable. Dito fallo será publicado no taboleiro da Casa do Concello e na sede electrónica. A información será difundida nas redes sociais municipais.

SEXTA: PAGO

Unha vez presentada a documentación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias con AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e Concello de Ortigueira así como o certificado de conta bancaria da persoa titular do premio, procederase a facer a transferencia do importe do premio.

SEPTIMO: PUBLICIDADE

O anuncio das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e o contido das mesmas na Sede Electrónica do Concello de Ortigueira.

ANEXO

ESTABLECEMENTO PARTICIPANTE:

NOME E APELIDOS DA PERSOA TITULAR DO MESMO:

CIF:

ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO:

TELÉFONO: CORREO ELECTRÓNICO:

Declaro:

Que desexo participar no concurso de escaparatismo de Nadal do Concello de Ortigueira.

Que coñezo e acepto as bases de dito concurso.

Que me comprometo a facilitar ao Concello de Ortigueira unha fotografía do escaparate co que participo no concurso e que autorizo ao Concello de Ortigueira para a publicación e difusión da



Concello de Ortigueira

fotografía do escaparate así como o nome e enderezo do establecemento.

Ortigueira, a de decembro de 2022

Asdo: